



# Animais de Companhia

de Eduardo Alonso



Manuela Varela

Imma António

TEATRO DO  
NOROESTE 

2017 : 30 ANOS ACTUANDO

*O escenario representa unha terraza dun piso alto da cidade. O chan é de baldosa algo gastada e por aquí e por alá hai macetas e testos con flores, non moi ben atendidas. Semella a terraza dun piso dun edificio señorial agora vido a menos. Hai tamén algunha hamaca e algún mobiliario non parello que está alí entre almacenado e tamén disposto para ser usado. Todo ten aspecto dun certo abandono. Nun lateral hai unha caseta de can o suficientemente grande para que dela entre e saia unha actriz. É de madeira algo vella coa pintura descascada, pero no seu frontispicio aínda se pode ler o nome da propietaria en letra grande: “Fedra”. A unha banda e outra do escenario hai dous comedeiros e bebedeiros automáticos, con algo de comida e auga. Tamén teñen os nomes correspondentes. Nun hai comida de can e pon: “Fedra”. Noutro hai comida de gato e pon “Maxa”. Nunha mesa baixa hai unha radio de transistores grande e cadrada coa súa antena apuntando ao ceo. A terraza está rematada por un muro baixo practicable adornado por dúas columnas algo máis altas e tamén practicables. Ao fondo recórtanse os tellados das casas da cidade e as fachadas dos edificios altos e, máis ao fondo, o ceo nocturno ou diúrno, segundo conveña. Cando chega a noite, as casas da cidade aluméanse con infinidade de cadradiños das fiestras acesas. Escóitase como un ruído na música inicial e sae, ás carreiras, pola porta da caseta de can, FEDRA. É unha cadeliña loura de pequeno tamaño e difícil clasificación de raza, con pelos longos e rizados que brillan cos seus nerviosos movementos. Porque, aínda que Fedra debe de ser xa maior, mantén un nervio e unha axilidade e, sobre todo, unha actividade aínda moi intensa para a súa idade.*

**FEDRA.-** *(Saíndo e dando voltas, nerviosa, sobre si mesma.) ¡Aquí está! ¡Aquí está! ¡Aquí está! ¡Ola, Rebeca! ¡Rebeca, ola! ¡Aquí está! (Detense e escoita un anaco, coida que escoitou algo.) ¡Aquí está! ¡Ola, ola, Rebeca! ¡Trouxéchesme algo? ¡Eh! ¡Algo! ¡Algo! (Volve xirar nerviosa sobre si mesma e detense para escoitar. A actriz debe dicir estas exclamacións coma se ladrase leda á espera de que apareza Rebeca.) ¡Aí vén! ¡Aí vén! ¡Aí vén! (Volve deterse para escoitar e como non escoita nada síntese desilusionada.) ¡Vaia! Falsa alarma. (Despois dun intre.) A verdade é que estou comezando a preocuparme. Nunca tardou tanto. (Cavila lembrando.) Ben, si, unha vez, pero porque tiña unha estrea. Facía non sei que papel nunha obra de teatro e ese día estreaba e claro... Pero coido que veu de contado... ¡Mira que eu fálolle e dígolle...! Pero fai coma se non me entendese. Xa sei que somos de diferente natureza, pero todos os cans falan cos seus donos. O que acontece é que algúns donos comprenden e outros non. Unha vez si que pensei que me entendera. Foi a primeira vez que nos vimos, lémbrome coma se fose hoxe. Eu estaba no refuxio de animais... A verdade é que pasei moito tempo na protectora indo dun refuxio a outro, entrando e saíndo deles... ¡Pero iso é outra historia! Eu*

estaba na canceira e vin achegarse cara min aquela rapaza loura coma min, co cabelo rizado coma min e con aquela saia longa de encaixe negro e roxo comecei a berrarlle: “¡Cólleme a min! ¡Cólleme a min! ¡Cólleme a min!” Eu saltaba coma unha tola dentro da cela coma se quixese pasar por riba do valado: “¡Cólleme a min! ¡Cólleme a min!” E debeu de entendelo, porque me colleu. ¡Que contenta estaba eu! Era a primeira vez, entre moitas, que o meu dono ía ser unha muller... Ben, tamén estivo dona Juana, pero dona Juana non era unha dona, simplemente deixábame estar no seu forno de pan ¡Que ben e quentiña se estaba!

*Sona a música e FEDRA comeza cantar.*

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Que eu son a cadela  
máis bonita e leda  
que hai por aquí.

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Que non dou traballo,  
eu soa me valgo,  
eu son coma ti.

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Que a casa defendo  
e na vida pretendo  
facerche feliz.

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Que son moi mandada,  
moi boa e mirada  
e fágoche rir.

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Non teñas coidado  
que xa movo o rabo  
por saír de aquí.

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Que ladro baixiño,  
que como pouquiño  
E deixo vivir.

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!

Que sonche unha xoia  
e como se ve  
tamén bailo claqué. (*Dá uns pasos de claqué.*)

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Que sonche un regalo  
e como se nota  
tamén bailo a xota. (*Dá uns pasos de xota.*)

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Que sonche un presente  
e como nun pis-pás  
tamén bailo un vals. (*Dá uns pasos de vals.*)

¡Cólleme a min!  
¡Cólleme a min!  
Que sonche un primor  
e a túa beira  
tamén bailo muiñeira. (*Dá uns pasos de muiñeira.*)

*(Mentres Fedra remata de cantar os derradeiros versos da súa cantiga entra en escena, silandeira e sen ser vista por Fedra, unha nova e fermosa gata. É MAXA. Recorre, elegante, todo o muro da terraza, rematando por sentarse nunha das columnas. Veste de rechamante colorido e algo estrafalaria, cunhas medias a raias de cores e un parasol de encaixe de Camariñas. FEDRA repara nela e tenta botala da terraza.)* ¡Eh! ¡Fóra de aquí! ¡Fóra de aquí! ¡Arreda! ¡Arreda de aquí! ¿Oíches? ¡Bule! ¡Lisca! ¡Arreda! ¡Fóra! ¡Arreda da miña terraza agora mesmo!

**MAXA.-** (*Displicente.*) Tamén é miña.

**FEDRA.-** ¡Si! ¡O que me faltaba por oír! Hai un, dous... tres días que non se che ve o pelo e pretendes que a terraza sexa tamén túa. Diso nada. É miña e non che deixo estar nela, así que xa podes marchar por onde viñeches. Por certo, ¿por onde viñeches?

**MAXA.-** Polos tellados, ¿por onde ía vir?

**FEDRA.-** Un día vas caer e vas romper a crisma.

**MAXA.-** ¿Daquela lamentaríalo?

**FEDRA.-** Eu non, pero Rebeca si. E eu non quero ver a Rebeca desgustada.

**MAXA.-** ¿Quen é Rebeca?

**FEDRA.-** ¿Quen vai ser? A túa dona e a miña.

- MAXA.-** Eu non teño dona.
- FEDRA.-** ¡Xa falou a independente! Mira, ¿que pon aí? (*Sinala o comedreiro co nome de Maxa.*) Pon Maxa. ¿Oíches? ¡Maxa! ¿E quen é Maxa? Pois Maxa es ti, a gata máis maleducada de toda a veciñanza.
- MAXA.-** Que poña aí Maxa non significa nada. Eu non teño dona. Se alguén quere poñer o meu nome nun prato de comida é cousa súa. Que poñan o teu nome nun prato de comida non significa que sexan o teu dono ¡Vaia historia! Poñen o teu nome e xa son o teu dono. Non, diso nada.
- FEDRA.-** ¿Non ves? ¿Non ves como non razoas? Non razoas nada. Pon o teu nome logo é a túa dona, non hai máis.
- MAXA.-** Non razoo coma unha cadela, pero razoo.
- FEDRA.-** Non razoas como se debe razoar.
- MAXA.-** ¿Ti es unha cadela?
- FEDRA.-** Son.
- MAXA.-** Sentes necesidade de ter dono.
- FEDRA.-** É que hai que ter dono. É como mellor se está ¿Que fai un can sen dono?
- MAXA.-** Xa, pero eu non son un can.
- FEDRA.-** O ter dono é unha necesidade vital.
- MAXA.-** Para unha cadela, pode ser. Pero para unha gata, non. Eu son unha gata, non teño nin terei nunca dono.
- FEDRA.-** ¿Daquela Rebeca, que é?
- MAXA.-** Unha circunstancia.
- FEDRA.-** Non hai quen te entenda.
- MAXA.-** É sinxelo. Son diferente a ti, iso é todo. Non teño por que pensar coma ti. Son unha gata. Ademais, ti vés do refuxio. Foi ela alí escoller cadela. Eu, non. Cando chegastes a esta casa, eu xa andaba polos tellados do edificio.
- FEDRA.-** Pero ela acolleute e instalou aí o teu lugar da comida. Sempre que me bota a min comida, bótache a ti tamén. Ela compórtase contigo igual ca comigo, así que se é a miña dona, tamén é a túa. Non hai diferenzas.
- MAXA.-** As diferenzas non están en como se comporta con unha ou con outra.
- FEDRA.-** Daquela, ¿onde están as diferenzas? Non as hai.

**MAXA.-** A diferenza está entre ti e máis eu. Aínda que Rebeca se comporte igual coas dúas, somos diferentes. Ti es a súa cadela e eu son unha gata dos tellados que non ten dono nin dona. Que vai e vén libre por onde lle peta. (*MAXAponse cantar a seguinte canción*).

Son a gata Maxa,  
a máis chula, a máis mala  
de toda a bisbarra.  
Comigo moito coidado,  
marraumiau, marraumiado.

Son a gata Maxa,  
a máis mala, a máis chula  
de toda a rúa.  
Comigo moito coidadiño,  
marraumiau, marraumiño.

Polos tellados vivo,  
polos tellados soño,  
sempre vivín sen dono,  
o comido polo servido.

Son a gata Maxa,  
a máis lista, a máis fera  
de toda a terra.  
moito coidado comigo,  
marraumiau, marraumido.

Son a gata Maxa,  
a máis fera, a máis lista  
de toda a pista.  
Moito coidado amiguiño,  
marraumiau, marraumiño.

Son a gata Maxa,  
a máis viva e espelida  
de toda a partida.  
Ten comigo coidado,  
marraumiau, marraumiado.

Son a gata Maxa,  
a máis dura, a máis forte  
de toda a corte.  
Comigo coidado ten  
marraumiau, marraumen.

Son a gata Maxa,  
a máis forte, a máis dura  
de toda a tribuna.

Comigo coidado moito,  
marraumiau, marraumioto.

Nin fronteiras teño,  
nin quero fronteiras,  
nin sigo bandeiras,  
nin propiedades quero.

Son a gata Maxa,  
a máis tola, a máis leda  
de toda a vereia.  
Comigo andarás con tento,  
marraumiau, marraumiento.

Son a gata Maxa,  
a máis leda, a máis tola  
de toda a prazola.  
Comigo con tento andarás,  
marraumiau, marraumiás. (*Remata de cantar.*) ¿A que non sabes onde estiven  
onte?

- FEDRA.-** Nin idea.
- MAXA.-** Na rúa das Hortas.
- FEDRA.-** ¿Nas Hortas?
- MAXA.-** Si. Concretamente durmindo a sesta na cerdeira de Alberte Vilches.
- FEDRA.-** ¿Que é iso da cerdeira de Alberte Vilches?
- MAXA.-** ¡Claro! Como non saes da terraza non sabes nada de nada.
- FEDRA.-** Pero, ¿que é iso da cerdeira de Alberte Vilches?
- MAXA.-** Non sabes que na rúa das Hortas hai unha casa...
- FEDRA.-** Na rúa das Hortas hai moitas casas, iso si que o sei. E todas teñen horta, por iso chámase rúa das Hortas.
- MAXA.-** Pero non sabes que nunha desas casas, ben, na horta dunha desas casas hai unha cerdeira enorme que se chama a cerdeira de Alberte Vilches.
- FEDRA.-** Non, iso non o sei. ¿Unha cerdeira que se chama de Alberte Vilches?
- MAXA.-** Si, exacto. Hai unha cerdeira e chámase a cerdeira de Alberte Vilches.
- FEDRA.-** Ou sexa que as cerdeiras tamén teñen dono, ¿eh?
- MAXA.-** Non é o dono da cerdeira.

- FEDRA.-** ¿Daquela quen é Alberte Vilches?
- MAXA.-** Non o sei. Eu escoitei que Alberte Vilches fora un tipo que viviu hai moito tempo, pero a súa cerdeira segue alí.
- FEDRA.-** Claro, todo o mundo sabe que as árbores viven moitos anos. En Sevilla, hai árbores que plantaron os árabes.
- MAXA.-** ¿Que árabes?
- FEDRA.-** Os árabes que pasaron por alí hai moito tempo.
- MAXA.-** Pois nas Hortas hai unha que plantou Alberte Vilches.
- FEDRA.-** Sigue coa historia.
- MAXA.-** Ben, como che dicía, Alberte era un tipo ben curioso e unha vez foi de excursión á feira de Padrón, nada menos. Mira que se poden traer cousas da feira de Padrón, maiormente cans palleiros coma ti, e empanadas.
- FEDRA.-** Eu non son un can de palleiro.
- MAXA.-** ¿Ah non? ¿Daquela que es ti?
- FEDRA.-** Unha cadela de terraza.
- MAXA.-** Can terraza.
- FEDRA.-** Iso.
- MAXA.-** Pois Alberte Vilches volveu da Feira de Padrón cunha cerdeira. Ou sexa, cunha póliña para plantar e que o cabo do tempo había transformarse nunha cerdeira. E vai e plantouna na horta. Todo o mundo díxolle que iso non tiña sentidiño ningún, que esta non era terra de cereixas, que o que tiña que plantar era unha ameixeira ou un carballo ou mesmo un castiñeiro e tamén pode que un bidueiro, ou se cadra un álamo xa que estabamos preto da Alameda.
- FEDRA.-** Eu estiven unha vez na Alameda.
- MAXA.-** ¿Só unha vez?
- FEDRA.-** Si, levoume Rebeca de paseo.
- MAXA.-** A min ninguén me ten que levar de paseo, xa paseo eu todo o que me dá a gana.
- FEDRA.-** Xa, pero eu non. Tenme que levar Rebeca. E levoume unha vez á Alameda.
- MAXA.-** ¿E gustaches dela?



- FEDRA.-** ¡Muller, claro! E vin a estatua das Marías. Eu ía mexar contra unha, pero Rebeca deume unha patada no cu e fun mexar a unha árbore centenaria. Case tanto coma as dos árabes.
- MAXA.-** Pois Alberte Vilches non fixo caso, que todo o mundo sabe que na Alameda non soamente hai álamos, hai moitos tipos de árbores máis, e dispúxose a cultivar a súa cerdeira. Unha vez soubo, por un tratante de xabón que pasara pola rúa, que as cereixas son moi sensibles ás xeadas e entón fabricou cuns sacos un abrigo que lle puña á arboriña cando coidaba que ía xear, o que non sabía é que as cereixas se dan en terreos fríos, pero iso si, o frío tenlles que coller cos pétalos das flores xa caídos e no caso da arboriña de Alberte, nunca chegara dar nin unha flor.
- FEDRA.-** Eu non gusto das cereixas.
- MAXA.-** Pois sonche moi bonitas, e dan unhas flores tamén moi fermosas, brancas e pequerrechiñas coma bolboretas.
- FEDRA.-** Digo que non gusto de comelas.
- MAXA.-** ¡Muller, claro! Co mal que saben, puaggg, eu do que gusto é do peixe podre, sobre todo da espiña.
- FEDRA.-** Eu prefiro a carne e un bo óso. Iso si que esta ben: ¡un bo óso!
- MAXA.-** Pasaron os anos e a arboriña non daba sinais de medrar. Un verán que a arboriña colleu un bicho raro, Alberte foi mercar po de cobre que foi o que lle dixeron que tiña que botarlle, e mercouno na farmacia da Porta Faxeira. O mancebo do establecemento preguntoulle: “¿Que tes, frieiras en verán?”, porque o po de cobre tamén vale para as frieiras. “¡Teño porras!” Contestou Alberte que, como se ve, era moi de seu. E volveu para a casa a tratar da enfermidade á súa arboriña.
- FEDRA.-** ¡É verdade! Un inverno que fixo moitísimo frío e, non sei por que, a Rebeca cortáronlle a luz e non tiñamos calefacción...
- MAXA.-** Xa. Lémbroo, mesmo nevou en Compostela. Estaban todos os tellados brancos e esvarábase por eles, desa vez case me esnafro por saltar dun a outro.
- FEDRA.-** Pois a Rebeca saíronlle unhas frieiras nos dedos das mans que dicía que non podía soportar o proído tan intenso. Falou coa súa aboa e díxolle que lle botara po de cobre e pasáronlle de todo.
- MAXA.-** Se tivese posto luvas nas mans non lle pasaría iso.
- FEDRA.-** Si que puña luvas, pero desas que teñen os dedos cortados... É que naqueles tempos seica tocaba unha fruta na rúa e, claro, colleu frío.

- MAXA.-** E un ano, pareceu que a arboriña quería agromar e efectivamente, botou tres floriñas que desapareceron de contado coas primeiras chuvias, pero Alberte tivo a ledicia máis grande da súa vida. Esta historia pasou hai xa máis de cincuenta anos. Agora hai unha fermosa cerdeira nunha horta da rúa das Hortas que dá unhas cereixas ricas, ricas, para quen lle gusten, moito mellores cás de Ponferrada, ¡onde vai parar! Pero ninguén sabe por que aconteceu ese milagre alí. Pois foi pola teimosía dun só home acompañado da indiferenza dos seus veciños: Alberte Vilches. *(Mentres vai narrando isto, MAXA vaise baixando do muro e achegándose a FEDRA).*
- FEDRA.-** Mira ti canto sabes.
- MAXA.-** Escoiteillo a unhas vellas mentres durmía nunha póla da cerdeira.
- FEDRA.-** *(Decatándose de que Maxa baixou do muro e está a súa beira.)* ¡Eh! ¡Eh! ¡Eh! ¡Fóra do meu territorio! ¡Lisca! ¡Lisca! ¡Fora do meu territorio! *(FEDRA bota fora da súa beira a MAXA.)*
- MAXA.-** *(Fuxindo perseguida por FEDRA e rematando por subir de novo ao muro.)* ¿Que pasa?
- FEDRA.-** ¡Fóra do meu territorio! ¡Fóra! ¡Fóra! ¡Fóra!
- MAXA.-** ¡O meu territorio! ¡O meu territorio! Isto é unha terraza, non é o teu territorio.
- FEDRA.-** ¡Claro que é o meu territorio! A miña misión é defendelo e non deixar que entren estraños.
- MAXA.-** Os territorios non son de ninguén.
- FEDRA.-** Iso parececho a ti. Eu teño que conservar este. Non podo permitir que entren indocumentados.
- MAXA.-** Eu non son indocumentada.
- FEDRA.-** ¡Claro que es! ¿A ver, tes documentos, eh, eh, tes documentos?
- MAXA.-** Non, pero ti tampouco os tes.
- FEDRA.-** Pero eu son a propietaria, non necesito documentos.
- MAXA.-** A ti recolléronte nun refuxio, ¡que vas ser a propietaria!
- FEDRA.-** Son a que está aquí e non te deixo pasar.
- MAXA.-** Está ben, vou marchar polos tellados a outra terraza que non teña propietaria ou que non teña unha propietaria tan estúpida. *(Inicia a marcha.)*
- FEDRA.-** *(Deténdoa.)* ¡Hei! ¿Onde vas? *(Comeza soar a música dunha regueifa. FEDRA canta.)*

Aquí che estamos, xentiña  
dispostas a dar batalla  
unha cadela moi guapa  
e unha gatiña moi mala.

**MAXA.-** *(Canta.)* A gatiña non é mala,  
a perversa é a cadela,  
non deixa pasar a naide,  
non sei que facer con ela.

**FEDRA.-** E que queres que che conte,  
e que queres que che diga,  
se cada vez que apareces,  
montas unha algarabía.

**MAXA.-** Eu montar non monto nada,  
que son libre e churrusqueira.  
Non dou, non tomo, non presto,  
vivo a miña maneira.

**FEDRA.-** A maneira na que vives,  
polos tellados da praza,  
nin vida é, nin maneira,  
sen nome, dono, nin raza.

**MAXA.-** Nome teño, teño nome,  
que Maxa me chaman todos,  
dono e raza non che quero,  
ei de vivir ao meu modo.

**FEDRA.-** Vivirás, muller, vivirás.  
Vivirás soa e perdida,  
sen casa, dono e amigos.  
Vivir así non é vida.

**MAXA.-** Non é vida a que ti levas,  
a todas horas ladrando,  
sen tempo para ti mesma,  
sempre da casa coidando.

**FEDRA.-** Coidar é o meu oficio,  
con honra e pracer o fago,  
Sempre fidel aos meus donos,  
Sen agardar ningún pago.

**MAXA.-** Pois mira ti que lindeza,  
Pois mira ti que contento,  
Facelo todo por nada,  
traballar polo sustento. *(Deixan de cantar)* ¡Marcho!

- FEDRA.-** Non marches que daquela quedarei soa.
- MAXA.-** Non me deixas estar na terraza, pois marcho.
- FEDRA.-** Podes andar polo muro.
- MAXA.-** Estar soamente no muro é moi incómodo. Ademais, ¿non dis que non podo estar na terraza?, pois o muro é parte da terraza.
- FEDRA.-** Non, non exactamente. O muro é parte da terraza, pero xa non é parte da terraza, digamos.
- MAXA.-** Non pode ser e ao mesmo tempo non ser. Ése ou non se é.
- FEDRA.-** Vale, pero podemos establecer a convención. O muro é, e ao mesmo tempo non é. É que se marchas quedarei soa.
- MAXA.-** Tes que cargar coa consecuencia dos teus actos. Se me botas da terraza, marcho.
- FEDRA.-** Non te decatás de que son unha cadela. É a miña natureza defender o territorio. Se non o defendo, deixo de ser unha cadela.
- MAXA.-** Podes defendelo sen botar del aos que chegamos de visita ou queremos quedar vivir aquí.
- FEDRA.-** ¿Como vou defendelo sen botar aos intrusos?
- MAXA.-** Ti pensas que o defendes ladrándome e botándome del, pero eu penso que por moito que me botes está moi pouco defendido.
- FEDRA.-** ¿Que?
- MAXA.-** Mira as plantas. ¿Canto tempo hai que non as regas?
- FEDRA.-** Eu non rego as plantas.
- MAXA.-** ¿Velo? Ti non defendes o territorio. Defendelo é regar as plantas, limpar os testos e as macetas, fregar os mobles e varrer o chan. ¿Canto tempo hai que non varres o chan? Defender o territorio é coidalo, non botar xente fóra.
- FEDRA.-** Eu non varro, faltaría máis.
- MAXA.-** Pois xa verás, colle aquela vasoira e ponte varrer, xa verás como sentes que defendes o territorio.
- FEDRA.-** *(Desconfiada vai onde está a vasoira, cóllea e ponse varrer timidamente.)* A ver...
- MAXA.-** *(Animándoa.)* ¿Non sentes coma se defendeses o territorio?

- FEDRA.-** *(Non moi convencida.)* Si, pode ser.
- MAXA.-** ¡Claro que si, muller! Moita mellor defensa varrer que botar xente.
- FEDRA.-** ¡Vale! Pero ti non pises a terraza sen que eu che dea a autorización.
- MAXA.-** ¡Xa estamos co papelorio!
- FEDRA.-** Un certo control sempre é necesario.
- MAXA.-** Como sigas así vas quedar máis soa cá unha.
- FEDRA.-** ¿E que hai por aí?
- MAXA.-** Por aí, ¿onde?
- FEDRA.-** Non sei, polos tellados. Polas rúas da cidade.
- MAXA.-** ¿Que pasa? ¿Non sabes o que hai?
- FEDRA.-** E que eu estou sempre nesta terraza. Ademais non podo andar polos tellados, son unha cadela.
- MAXA.-** ¿Non podes saír da terraza?
- FEDRA.-** Non. Teño que defendela.
- MAXA.-** Pero algunha vez sairás pasear pola rúa.
- FEDRA.-** Si, pero saio pola escaleira. Ás veces Rebeca lévame a un parque que hai preto da casa.
- MAXA.-** Véxoo desde arriba, cando salto dun tellado a outro. Pero eu non vou, está cheo de cans.
- FEDRA.-** Si. Hai un moi grande e gordo que se chama Xas. Sempre que me atopaponse a cheirarme o... Ben, sempre que me atopaponse a cheirarme. Pero non parece mala persoa o que acontece é que a min dáme un pouco de medo, porque é moi grande.
- MAXA.-** Vemos a cidade de xeitos diferentes.
- FEDRA.-** ¿Que queres dicir?
- MAXA.-** Eu vexo tellados e terrazas e ti ves escaleiras e rúas. É a mesma cidade pero mirada de xeito diferente.
- FEDRA.-** É verdade. As cousas son as mesmas, pero poden verse de xeitos diferentes. O que define ás cousas e a ollada que ve. Como lle aconteceu ao galpón de o

Tangueiro, el vía un galpón e os negociantes de Madrid vían un negocio a pe de praia.

**MAXA.-** ¿O Tangueiro?

**FEDRA.-** Si, Xosé o Tangueiro. Un dono que tiven antes de ir ao refuxio.

**MAXA.-** Que lle pasaba ao teu dono. O tal Xosé o Tangueiro.

**FEDRA.-** Xosé o Tangueiro tiña un galpón de pedra á beira da ría. Non era grande cousa, catro pedras e unhas tellas co chan de terra. Alí reparaba o Tangueiro as súas gamelas.

**MAXA.-** ¿Gamelas?

**FEDRA.-** Barcas de remo, ¡que non coñeces nada!

**MAXA.-** Nos tellados non hai barcas, e menos de remos.

**FEDRA.-** Tiña dúas. Calafateábaas e repintábaas ao chegar o inverno.

**MAXA.-** ¿Que é calafatear?

**FEDRA.-** É algo que hai que facerlle no inverno ás barcas de madeira.

**MAXA.-** ¿Pero que é?

**FEDRA.-** Sélanse as fendas que haxa entre as táboas que configuran o casco da barca para que non pase a auga. Sélanse con esparto e chapapote.

**MAXA.-** ¡Vaia!

**FEDRA.-** Así é. O galpón estaba moi ben situado, porque desde a súa porta á beira da ría non debería haber máis alá de cen metros. O lugar tiña moi boa vista porque desde el, á dereita, víase, no lonxe, a praia. Nos primeiros tempos era unha praia inmensa chea de dunas que, agás polo mar, parecía aquilo o deserto do Sahara.

**MAXA.-** O deserto do Sahara está cheo de area.

**FEDRA.-** Pois aquela praia, igualiño, estaba chea de area e despois estaba o mar.

**MAXA.-** Eu non vin nunca o mar.

**FEDRA.-** ¿Non?

**MAXA.-** Non. Hai moitos que nunca vimos o mar. ¿Como é o mar?

**FEDRA.-** Pois non sabería explicar. É inmenso e cheo de auga moi mollada. É coma o ceo, pero estendido aos teus pes.

- MAXA.-**            ¡Vaia! Gustaríame ter o ceo estendido aos meus pes.
- FEDRA.-**            ¡A inmensidade!, o mar é a inmensidade: tantas gotas como hai no mar, tantos graos de area como hai no deserto, tantas estrelas como hai no ceo. Iso é a inmensidade.
- MAXA.-**            Das tres soamente vin o ceo. O ceo cheo de estrelas.
- FEDRA.-**            Ao principio comezaron a chegar algúns bañistas solitarios, maiormente homes, con aqueles bañadores de tirantes. Pero un ano aconteceu un feito extraordinario. Algo impensable. A praia, que sempre estivera á dereita, comezou a desprazarse de lugar, primeiro algunhas areas e despois mesmo as rochas do fondo do peirao. En dous anos a praia cambiou totalmente de lugar e púxose diante do galpón do Tangueiro. Acontecera que construíran na cidade, situada enfronte da ría, un dique, o dique de abrigo, chamáballe o xornal. O Tangueiro ficou sorprendido por tal extraordinario acontecemento pero a realidade era que o seu galpón, que estaba situado estupendamente, preto da ría e retirado do balbordo da praia, apareceu, da noite a mañá, como din agora as axencias de viaxes, “en primeira liña de praia”. Xosé o Tangueiro estaba desconcertado. E moito máis desconcertado quedou cando apareceron dous tipos da capital falando un castelán repoludo e ofrecéronlle seis mil euros polo galpón. Non o pensou dúas veces e aceptou, total, agora xa non servía para nada. Os repoludos botáronlle ao galpón un chan de tarima, puxéronlle terraza, piscina e non sei cantas cousas máis e vendéronllo a unha familia madrileña, disque por cento cincuenta mil euros, pero o Tangueiro non deu creto a tal leria. ¿Como ía valer o seu galpón esa cantidade? O Tangueiro sempre mirou o seu galpón como un galpón que era, pero os outros víano doutro xeito.
- MAXA.-**            Desde logo, contas unhas historias que non sei eu se as inventas ou as viviches.
- FEDRA.-**            *(Canta.)* Cando contas unha historia,  
nin verdade, nin mentira,  
de novo ábrese a vida,  
de novo xirando a noria.
- Cando unha historia contas,  
nin mentira, nin verdade,  
tamén se calma a maldade,  
na noria de novo montas.
- As historias xa contadas,  
deixan de ter propiedade  
son como a felicidade,  
fermosas e brancas fadas.
- Como pingas de ledicia,  
por todas partes están,  
como o vento veñen, van,

sonche como unha caricia.

As historias que che conto  
de todos cedo serán,  
a todos pertencerán  
de todos serán ben pronto.

Sonche como as cantigas,  
que por todos son cantadas,  
polos mozos son bailadas  
e de todos son amigas.

Heiche de contar bailando,  
conto de mil aventuras,  
no mar hai peixes e luras,  
na terra, vai ti contando. *(Remata de cantar.)*

**MAXA.-** Vou dar unha volta polos tellados.

**FEDRA.-** ¿Agora?

**MAXA.-** Si, agora.

**FEDRA.-** ¿Non ves que esta a piques de anoitecer? *(Efectivamente a luz foise virando aos poucos a nocturna, e as fiestras das edificacións do horizonte comezaron a acenderse.)*

**MAXA.-** ¿E que? É o mellor momento. Os gatos é cando gustamos de pasear polos tellados, á anoitecida.

**FEDRA.-** Cando Rebeca me saca pasear ao parque, teño a todos os cans tras miña tentando cheirarme o cu.

**MAXA.-** Vaia costume máis fea.

**FEDRA.-** ¿Que costume?

**MAXA.-** Esa que tedes os cans de cheirarvos o cu. É de moi mala educación.

**FEDRA.-** Os gatos tamén a tedes.

**MAXA.-** Pero moito menos, os gatos somos moito máis elegantes. Cheiramos, pero nos vale calquera parte. Non ten por que ser o cu ¿A que vai cheirar o cu? Mal. Non podes botarlle colonia ao cu para que ula ben, porque non pararás co proído que dá. ¡Vaia costume máis parvo cheirarlle o cu aos colegas!

**FEDRA.-** É para recoñecérmonos.

**MAXA.-** ¿Polo cheiro do cu? Vaia xeito de recoñecemento. Eu recoñezo a todo o mundo pola súa cara, ou, se me apuras, polo son da súa voz. Pero, ¿polo cheiro



do cu? ¡Vaia idea! Non sei quen foi ao primeiro que se lle ocorreu, pero debeu quedar descansado para sempre.

**FEDRA.-** Fíxose sempre así.

**MAXA.-** “¡Ola, aínda que xa sei quen es, que che vexo a cara, deixa que che cheire o cu para estar segura!” ¡Vaia xeito de relacionarse!

**FEDRA.-** Vós tamén facedes cousas moi raras.

**MAXA.-** ¿Que cousas?

**FEDRA.-** Pasades o día lambendo todo o corpo.

**MAXA.-** É limpeza. Facemos iso para limparnos o corpo. Somos moi limpos.

**FEDRA.-** Pois si que é xeito de limpase, lambéndose todo un. Pasándose a lingua por todo o corpo. En vez de limpo, ficas untado.

**MAXA.-** Non é certo. Temos unha lingua que cepilla moi ben.

**FEDRA.-** Ou sexa que na boca, en lugar de lingua, tedes un cepillo.

**MAXA.-** É a nosa natureza. Temos que limparnos e cepillarnos polo menos unha vez ao día. (*Maxa senta e comeza a lambersse todo o corpo, limpándose e collendo estrañas posturas para chegar a todas as partes do seu corpo, como fan os gatos.*) Vouno facer, que hoxe aínda non o fixen.

**FEDRA.-** ¿No ves? Semellas unha contorsionista.

**MAXA.-** ¡Claro! Hai que limpar ben por todas partes. Ti, como es unha cadela, es moi sucia.

**FEDRA.-** Eu non son sucia. O que pasa é que hai tempo que Rebeca non me saca ao parque e claro...

**MAXA.-** A min non me teñen que sacar a ningún lado. Non dependo de ninguén. E fago as miñas necesidades nun caixón con area, non en calquera parte coma ti.

**FEDRA.-** Eu non as fago en calquera parte. Fágoas no parque.

**MAXA.-** No parque... No parque... ¿E cando non vas ao parque? ¿Onde as fas?

**FEDRA.-** É verdade, hai tempo que Rebeca non aparece ¿Que lle pasaría? ¿Esqueceríase de min?

**MAXA.-** Eu, o outro día, vin un grande barullo na rúa.

**FEDRA.-** ¿Na rúa?

- MAXA.-** Si, na porta de entrada ao portal. Estaba no tellado de enfrente tomando o sol, que alí, polas tardes, ás veces, chegan unhas raioliñas de sol moi ricas e...
- FEDRA.-** Pero, cóntame dunha vez o que viches na rúa.
- MAXA.-** Eu estaba estomballada e de súpeto escoitei un forte balbordo na rúa. Asomei o fociño e vin un montón de xente na rúa. Estaban agarrados uns aos outros, como facendo unha cadea humana.
- FEDRA.-** ¿Unha cadea humana?
- MAXA.-** Si. Algúns tiñan pancartas nas mans e axitábanas con enerxía.
- FEDRA.-** E que dicían as pancartas.
- MAXA.-** Non sei. Non sei ler.
- FEDRA.-** ¿Non sabes ler?
- MAXA.-** Non, pero ti tampouco.
- FEDRA.-** Ler non sei, pero o mesmo sospeitaba.
- MAXA.-** ¿Como dis?
- FEDRA.-** Nada. Cousas miñas. E que máis.
- MAXA.-** De súpeto chegaron máis persoas, estas uniformadas, e comezaron mallar nas que facían a cadea, así que por se acaso, eu lisquei daquel tellado.
- FEDRA.-** ¿Como que liscaches de alí? ¿Non viches o que pasou?
- MAXA.-** Eu teño moita experiencia nos altercados dos humanos. Non quero que me pillen polo medio. Sei moi ben que se pasa algo pode ser un dano colateral, así que lisquei de alí e fun para os tellados da praza que son moito máis tranquilos cós desta rúa.
- FEDRA.-** E non viches se Rebeca estaba no altercado ese.
- MAXA.-** Non, pero alguén berraba: “Non marchamos. De aquí non marchamos” E semelloume a voz de Rebeca, pero vela, vela... Non a vin.
- FEDRA.-** ¿Non marchamos de aquí?
- MAXA.-** Si. E tamén. “A casa é nosa e non de Bankosa”
- FEDRA.-** ¿Bankosa? ¿Que é Bankosa?
- MAXA.-** Non sei. Son moi raros os humanos.

- FEDRA.-** Rebeca non é rara. É moi cariñosa e boa tanto comigo coma contigo.
- MAXA.-** Xa, pero non deixa de ser unha humana. Non me fío moito. En canto te descoidas mallan en ti.
- FEDRA.-** Rebeca, non.
- MAXA.-** Rebeca non, pero o dono da peixería da esquina, ese si que é un mal tipo. Unha vez pasei por diante da súa tenda, e porque ulisquei un pouco unha caixa de arenques aberta que tiña na porta, case me deixa mancada para sempre. Deume unha patada que fun dar cos ósos na beira de enfronte. Non, eu non me fío dos humanos. Non teñen o carácter estable. Unhas veces están ledos e outras enfadados. Non son de fiar.
- FEDRA.-** Mira, xa é totalmente de noite e Rebeca segue sen aparecer. *(Efectivamente, a luz mudou a nocturna e algunhas fiestras das casas de enfronte acenderon a súa luz.)*
- MAXA.-** Si, está moi bonito e ceo de noite, coas estrelas e as constelacións ben visibles.
- FEDRA.-** ¿As constelacións? Esas non son constelacións, que son as fiestras dos veciños acesas. Estamos nunha cidade, o que se ve son casas e tellados. Non é coma no campo. Eu estiven en moitas aldeas. Alí si que se ve un fermoso ceo estrelado, cando non hai nubes.
- MAXA.-** Eu tamén estiven na aldea ¿Ti que pensas?
- FEDRA.-** Penso que es unha gata de cidade, máis ben de tellados de cidade, iso é o que penso.
- MAXA.-** ¡Mira, xa é noite pecha! *(Efectivamente, a luz virou totalmente a noite.)*
- FEDRA.-** E Rebeca sen vir. Estou moi preocupada, moi preocupada.
- MAXA.-** Podo dar unha volta polos tellados. O mesmo quedou nas mesas que hai na praza tomando algo.
- FEDRA.-** Non creo, ela non pára neses sitios.
- MAXA.-** Pois aos humanos préstalles moito sentarse nas cadeiras da praza a tomar algo nos bares. Póñense a falar entre eles e pasan horas e horas así. Sonche moi raros.
- FEDRA.-** Con esta coido que son dúas as noites que non vén pola súa casa. Se non vén máis, ¿que vou facer?
- MAXA.-** Hai comida e auga de abondo, esperaremos.
- FEDRA.-** Estou triste, teño ganas de ouvearlle á lúa.

- MAXA.-** ¿Cando estás triste ouvéaslle á lúa?
- FEDRA.-** Si, é un costume canino.
- MAXA.-** ¿E a lúa que ten que ver?
- FEDRA.-** Non o sei, pero sempre foi así. Cando un can está triste ouvéalle á lúa.
- MAXA.-** Sodes rarísimos.
- FEDRA.-** ¿Ti que fas cando estás triste?
- MAXA.-** Nada. Estou triste, iso é todo. Xa é de abondo estar triste.
- FEDRA.-** Pero se ouveas á lúa sénteste moito mellor.
- MAXA.-** Iso será os cans, pero eu son unha gata.
- FEDRA.-** ¿Estás triste agora?
- MAXA.-** Si, pode ser. Un pouco. Coido que algo me contaxiastes a tristura.
- FEDRA.-** Pois ouvéalle á lúa verás que despois ficas mellor.
- MAXA.-** ¿Como vou eu ouvearlle á lúa?
- FEDRA.-** Pois como fai todo o mundo, ouveando.
- MAXA.-** Quererás dicir como fan todos os cans.
- FEDRA.-** Dá igual. É un xeito de espantar a tristura ¿Se o fan os cans por que non vai podelo facer unha gata?
- MAXA.-** ¿Ouvear?
- FEDRA.-** Si, ouvearlle á lúa. ¡Veña, ouvea!
- MAXA.-** *(Tentando facelo con certa desconfianza.)* ¡Uuuuuuuuh! ¿Así?
- FEDRA.-** Moi ben, non está. Tes que facelo con máis convicción. Se o fas ben, eu tamén sentirei a gana de facelo, e se a convicción é suficiente, todos os cans da bisbarra sentirán a gana de facelo e poñeranse a facelo para que saibas que non estás soa, que todos están contigo. Todos ouvearán contigo para que non te sintas soa e deixes de estar triste.
- MAXA.-** ¿Todos os cans da bisbarra?
- FEDRA.-** Si, todos.
- MAXA.-** A ver ¡Uuuuuuuuuuuuh!

- FEDRA.-** Si, está un pouco mellor, pero tes que mirar á lúa e concentrarte, concentrarte moito. Pensar en que todos están contigo, todos os cans e todos os animais do universo.
- MAXA.-** ¿Do universo?
- FEDRA.-** Si, o ouveo únenos a todos xuntos coa lúa.
- MAXA.-** Isto é máis difícil do que parece. A ver ¡Aaaaauuuuuuuuuuuh!  
¡Aaaaauuuuuuuuuuuh!
- FEDRA.-** *(Uníndose a Maxa)* ¡Aaaaauuuuuuuuuuuh! ¡Aaaaauuuuuuuuuuuh!
- E efectivamente, conforme MAXA e FEDRA xuntan os seus ouveos, un coro distante e múltiple de ouveos racha a noite pecha.*
- MAXA.-** *(Despois dun intre)* ¡Vaia, parece que todo o mundo se uniu!
- FEDRA.-** ¡Claro! ¿A que agora te atopas mellor?
- MAXA.-** Si, moito mellor.
- FEDRA.-** Temos que aprender uns dos outros.
- MAXA.-** Xa, pero non todo o mundo é boa persoa.
- FEDRA.-** Pero hai máis dos que parecen.
- MAXA.-** Eu ando bastante escaldada dos humanos, en canto te descoidas, danche unha patada.
- FEDRA.-** Non todos.
- MAXA.-** Case todos.
- FEDRA.-** Pois eu coñecín a humanos que eran moi boas persoas.
- MAXA.-** Tiveches sorte.
- FEDRA.-** Por exemplo, a señora Juana.
- MAXA.-** ¿Quen era a señora Juana?
- FEDRA.-** Xa che dixen que eu vivín algún tempo nun forno de pan. Era da señora Juana que era panadeira. Hai moito tempo disto. Eu vivía en Ferrol, fuxira dun refuxio no que me metera a protectora de animais. Era un refuxio horrible, alí todos os cans que había querían pelexar comigo, así que, un día, fuxín por un burato. Como son pequena, escapei por un burato polo que non podían pasar os demais. E fun vivir a un forno de pan que atopei no meu camiño.

- MAXA.-** ¿Ou sexa que tiveches unha dona que se chamaba dona Juana?
- FEDRA.-** Non era a miña dona, deixábame vivir alí... ben, deixábame a min e a unha morea de gatos que sempre andaban por alí.
- MAXA.-** ¿E que pasou?
- FEDRA.-** Pois como dicía, a señora Juana era panadeira, tiña un forno no alto da rúa do Hospital. O forno da señora Juana era coñecido en todo Ferrol e a súa contorna, pois facía as empanadas máis saborosas que xamais ninguén catara. Facíaas, loxicamente, ao estilo Ferrol, gramando ben o aceite na masa.
- MAXA.-** Eu nunca comín empanada, iso que a hai de sardiñas, pero nunca comín.
- FEDRA.-** Nas festas do Nadal moitas familias encargaban empanadas no forno da señora Juana. Levaban o amoadado e ela cocíalles a masa. Pero había moita miseria naqueles anos, e verdadeiramente os amoadados non daban para moito. A señora Juana coñecía moi ben aos seus veciños e sabía de uns e de outros, pero aínda que non soubera deles, podía adiviñar, polo amoadado que lle levaban, os apuros de uns para turrar pola vida adiante e as farturas de outros.
- MAXA.-** Si, iso vese moi ben. Eu decátome polas cousas que teñen nas terrazas das casas, hainas ata con televisión.
- FEDRA.-** Había quen, para unha familia de moitos, levaba unha pequerrecha tarteira na que a duras penas cabía unha cunca, estaban tamén os que querían aparentar, un tipo de xente que se daba moito en Ferrol, e levaban unha grande tarteira para unha familia de poucos, pero se reparabas no amoadado, vías perfectamente que tiña moito de cebola e pouco do principal. E había tamén os poderosos, os de sempre e aos que os anos da guerra e a posguerra fixeran ricos de golpe, co estraperlo e outras manganchas, estes levaban tarteiras enormes, cheas de amoadado á súa vez con moito do principal e a cebola en proporción. Aínda que a familia fora de moi poucos membros notábase na tarteira e no amoadado a súa condición podente. A señora Juana a todos collía o encargo cun sorriso na boca e apuntaba o pedido nun cacho de papel de envolver, cun lapis pequerrecho amarelo e negro: unha empanada para cinco, virán ás dúas recollela; outra para tres e virán ás dúas e media; outra empanada para oito que virán por ela ás tres e media... e así, encargo tras encargo. Pero cando a señora Juana ficaba soa no forno disposta a cocer, entón collía os amoadados e proporcionábaos en función das necesidades do tamaño das empanadas. E pasaba da tarteira grande algo para a empanada da tarteira pequena, e á de moita cebola alixeirábaa para que logo non repetise na comida, botándolle tamén un pouco da tarteira grande mentres abanea a cabeza cun sorriso pícaro nos beizos. Facíao todo con total tranquilidade e soltura sabendo que era o que había que facer. Notábase porque, facéndoo, cantaruxaba sempre unha cantiga entre dentes. Cando chegaban os clientes polas empanadas, todos marchaban contentos, uns coidando que o amoadado fora de abondo e outros vendo que estaba ben completa e proporcionada, que tampouco lle fai ben á masa un exceso de amoadado porque estraga o resultado e fai á empanada donda e

graxenta. A señora Juana sabía que ela non podía cambiar o mundo, pero no seu forno facía xustiza na medida das súas posibilidades. Se todos fixesen coma ela ao mellor o mundo cambiaba soño. Porque a estratexia da señora Juana era moi anovadora: “repartir mellor o amoadado entre todas as empanadas”

**MAXA.-** Mágoa que a señora Juana non fose a encargada de repartir a sorte na vida.

**FEDRA.-** Si, mágoa. Pero xa que ela non podía repartir a sorte, repartía o amoadado.

**MAXA.-** Non hai moitos humanos así.

**FEDRA.-** Rebeca tamén é moi boa.

**MAXA.-** Xa, pero agora non está.

**FEDRA.-** Si, e xa é noite pecha. Outro día sen vir. Estou moi preocupada ¿Se cadra non volve máis?

**MAXA.-** Si, pode que marchara a outro lugar.

**FEDRA.-** Non creo que marchara sen min. ¿O mesmo fixéronlle dano os homes uniformados que viches ti e agora ten medo de volver?

**MAXA.-** Se non volve, podes vir comigo polos tellados.

**FEDRA.-** ¿Como vou ir eu polos tellados? Os cans non andamos polos tellados. Eu son unha cadela de terraza. Non existen as cadelas de tellados.

**MAXA.-** Tampouco os gatos estivemos desde sempre polos tellados. Debeu haber un, o primeiro, que acordou subir e quedar vivir nos tellados e agora hai moitos gatos polos tellados. Vaia, pode dicirse que os tellados é o noso hábitat preferido.

**FEDRA.-** Non me vexo eu andando polos tellados.

**MAXA.-** Andando non, vivindo. Cadela de tellado, pois soa ben.

**FEDRA.-** Non sei.

**MAXA.-** ¡Veña! ¡Vamos! Sube ao muro e sígueme polos tellados, hai moito que ver e pasear.

**FEDRA.-** ¿E se marcho e chega despois Rebeca e non me atopa na terraza? Decátate de que os cans somos moi fieis. Unha das nosas características fundamentais é a fidelidade.

**MAXA.-** Se leva dous días sen vir, seguramente non virá máis.

**FEDRA.-** Non sei que lle puido pasar.

- MAXA.-** Xa sei, pon a radio.
- FEDRA.-** ¿A radio?
- MAXA.-** Si, ese aparello que hai aí que parece un caracol con cornos. Se lle das a ese botón préndese e, ás veces, di as cousas que pasan polo mundo.
- FEDRA.-** Non sei que me dá fedellar nas cousas de Rebeca.
- MAXA.-** Pero, imos ver, ¿non es unha cadela de terraza?
- FEDRA.-** Son.
- MAXA.-** ¿A terraza non é o teu territorio?
- FEDRA.-** É.
- MAXA.-** ¿A radio non está no teu territorio?
- FEDRA.-** Está.
- MAXA.-** Pois préndea dunha vez.

*FEDRA achégase con cautela á radio e préndea pulsando a tecla correspondente. Escóitase a voz do locutor.*

- RADIO.-** “O alcalde informou de que o edificio xa está totalmente desaloxado e que inmediatamente se procederá ao seu derribo. Os traballos de construción do novo edificio comezarán de contado. Por outra banda, as persoas detidas polos disturbios pasarán nos próximos días á presenza do xuíz”

*FEDRA, asustada, corta a voz da radio premendo no stop.*

- FEDRA.-** Non entendo nada do que di.
- MAXA.-** Eu tampouco, xa che dixen que os humanos sonche moi raros.
- FEDRA.-** ¿Se subo ao muro poderei andar polos tellados?
- MAXA.-** Claro. Non te preocupes, eu sonche unha veterana destas alturas e estarei contigo.
- FEDRA.-** Ou sexa, que serei unha cadela de tellados.
- MAXA.-** Iso.
- FEDRA.-** A ver. (*FEDRA da un salto e ponse sobre o muro, a carón de MAXA.*)
- MAXA.-** ¿Ves como non é tan difícil?



- FEDRA.-** Non, non é.
- MAXA.-** En todo pasa igual, soamente hai que intentalo.
- FEDRA.-** ¿E agora que fago?
- MAXA.-** Vir tras miña.
- FEDRA.-** ¿Polos tellados?
- MAXA.-** Claro, polos tellados. ¿Non es unha cadela de tellado?
- FEDRA.-** Son.
- MAXA.-** Pois vamos entón.
- FEDRA.-** Vamos.

*As dúas comezan circular polo muro camiño de caixas, FEDRA e MAXA, antes de saír de escena cantan esta canción a ritmo de rap.*

**AS DÚAS.-** Xa non somos  
animais de compañía,  
agora ceibes,  
viviremos as nosas vidas.

**FEDRA.-** Xa son o que quero,  
no son como antes,  
saltei ao tableiro,  
un salto xigante.

Xa son unha fera,  
xa subín ao muro,  
e non foi tan duro  
para unha cadela.

**AS DÚAS.-** Xa non somos  
animais de compañía,  
agora ceibes,  
viviremos as nosas vidas.

**MAXA.-** Xa nos tellados vive,  
xa vai onde lle peta,  
xa non ten unha meta  
e ordes non recibe.

Somos os animais  
os seres máis felices,  
nin desexamos males,

nin comemos perdices.

**AS DÚAS.-** Xa non somos  
animais de compañía,  
agora ceibes,  
viviremos as nosas vidas.

**FEDRA.-** Serei como unha gata,  
serei como unha pomba,  
tellados por alfombra,  
cobertores de lata.

De lata e boa tella  
será o meu camiño  
se cadra sen cariño,  
e así chegar a vella.

**AS DÚAS.-** Xa non somos  
animais de compañía,  
agora ceibes,  
viviremos as nosas vidas.

**MAXA.-** Respectemos uns aos outros,  
que é moi boa a diferenza,  
teñamos vida e conciencia  
que por aquí pasan moitos.

Non había que ter cobiza  
que todos temos cabida,  
e como breve é a vida,  
vivámola con ledicia.

**AS DÚAS.-** Xa non somos  
animais de compañía,  
agora ceibes,  
viviremos as nosas vidas.

**PANO**

Ameixenda, abril 2017